

FORMACIÓN ACADÉMICA NO SEMINARIO

Manuel González Lorenzo

Alégrome de ter a ocasión de agradecer publicamente as oportunidades que me brindou o meu paso polo seminario, agradecemento que fago extensivo ós meus profesores i educadores, a institución en si, e os seus responsables.

Polo demais, dubido que sexa a persoa mais adecuada para dar unha visión obxectiva do supuxo o seminario para miles de xoves ourensáns nestes dous centos anos. Necesitaríase dun estudio, sociohistórico e psicolóxico rigoroso, estudio que eu non fixen.

Limitareime en consecuencia a facer: a) una valoración resumen da miña experiencia persoal; e b) algunhas consideracións tentativas e subxectivas sobre as consecuencias da formación seminarista, que sirvan como elemento de discusión.

Experiencia persoal

En canto a valoración dunha experiencia persoal, non se pode esquecer que cada persoa é única por as características físicas, mentais, afectivas e ambientais previas e polas circunstancias da propia historia de vida. Isto non é óbice para que a experiencia que agora analizamos non poida haber deixado consecuencias similares en moitos dos que por ela pasamos. En xeral eu penso que poden ser prototipo do grupo humano maioritario nos tempos que me tocou vivir: ingreso ós 10 anos, un tempo considerable interno, de procedencia rural e campesiña, coincidindo no tempo cunha época histórica de grandes cambios económicos e sociais en España.

Neste contexto, estiven alí oito anos, dos 10 ós 18, humanidades e filosofía, o curso seguinte inicie Filosofía e Letras en Santiago, dous anos despois pasei a Psicoloxía, na Facultade Complutense de Madrid. En 1975 coincidindo coa expansión universitaria, creación dos Colexios Universitarios, tiven oportunidade de iniciar actividade docente universitaria en Ourense, que evidentemente non desperdiciéi, intentando responder o mellor que puideren as esixencias das nova función: docencias diversas, doutorado, actividades de investigación. Casado con tres fillos en idade universitaria, en xeral sempre levei unha vida moi metódica casque conventual: familia e traballo. A única excepción foi na década 1988-1998, na que dediquei inxente cantidade de horas e de ilusión, defendendo con bastante pouco éxito un campus universitario digno para Ourense.

Mentres tanto os meus amigos de infancia, uns seguían na agricultura, outros en oficios diversos, algúns se integraban nas forzas de seguridade, outros moitos iniciaban o camiño cara outras localidades con mais posibilidades de integración laboral non rural para xoves sen formación nin especial nin xeneral más alá da básica que ofertaba a Escola Pública.

¿Persoalmente que lle debo en todo elo ó meu paso polo seminario?. Non hai tempo nin procede nestes momentos facer un autoanálise público. So quero sinalar o meu agradecemento a institución por:

- 1) Abrirme unha porta a promoción cultural e laboral e a unha integración mais fácil na sociedade urbana emerxente.
- 2) Haberme facilitado unha segunda familia, complementaria coa materna, mentalmente estimulante, emocionalmente san, e deportiva.
- 3) Haberme posibilitado unha ricas relación entre iguais, os compañeiros de curso, entre como todos sabemos hai algo de auténtica irmandade; seis, sete, oito anos, a esas idades, compartindo teito, mesa, clase, recreo e tempo libre, ilusións e temores dan moito de si.

Xa mais en concreto e con miras a temática que me insinuaron, consecuencias educativas da ensinanza no centro, atribúo ó meu paso polo seminario:

- a. *Hábitos de vida disciplinada, capacidade para marcarse plans e cumprilos, capacidade para pospoñer as pequenas satisfaccións inmediatas en aras dun obxectivo posterior.*
- b. *Espírito de esforzo para persistir no logro dos obxectivos propostos hasta límites altos de aguante; saber renunciar e adaptarse si realmente as metas van mais alá das propias posibilidades.*
- c. *Haberme potenciado un sistema de valores de honestidade e solidariedade*
- d. *Haberme brindado a oportunidade de coñecer e experimentar unha vida cultural e relixiosa intensa nesa tradición de autenticidade humana que supón a corrente xudeu/cristiá/católica*
- e. *Permitirme unha aproximación a figura de Xesús de Nazaret e a vivencia que de El tiveron ou teñen algúns dos seus seguidores.*

Consecuencias da formación seminarista

Saíndo desta perspectiva exclusivamente persoal e intentando propoñer a cuestión mais xeral ¿Cales foron as consecuencias educativas do paso polo seminario para miles de xoves ourensáns?

Como dixen, necesitaríase un estudio mais rigoroso. Eu persoalmente o único que podo facer son algunhas consideracións persoais sobre a influencia do paso polo centro da miña xeración -nados en torno a 1950, ingresados en 1960, egresados en fases diferentes de 1961 a 1972; na esperanza de que o que dela se diga sexa en gran parte extensible a xeracións anteriores e posteriores.

Falar das consecuencias do paso polo seminario na miña xeración esixe:

- a) Facer algunha referencia a experiencia educativa en si
- b) Ver os aparentes resultados académicos e profesionais
- c) Intentar interpretar as consecuencias específicas da ensinanza recibida.

A experiencia educativa do internado

Todos temos idea do que é un internado de centro relixioso, de uso frecuente na época, onde se carecía de centros de ensinanza secundaria próximos, os medios de transporte eran moi limitados. O seminario compartía características comúns a todos eles:

1. Vida organizada colectivamente as vinte e catro horas, os sete días da semana, con horarios ríxidos: deitarse, levantarse, oracións e actos litúrxicos, comidas, clases, horas de estudo, recreos, paseos, etc.
2. No noso caso, un dos aspectos máis específicos era a meta confesada prioritaria, aparentemente exclusiva, de formación de sacerdotes; coa conciencia colectiva do que non estaba nesa liña non estaba no lugar adecuado.
3. O contacto coa familias de orixe reducíanse ás vacacións escolares, e visitas esporádicas das familias (usualmente una o dos horas quincenais). Neste aspecto a situación era similar a que se soía en dar en Colexios Maiores, so que en este caso eramos menores.
4. Desde o punto de vista da eficacia académica: o sistema permitía a dedicación de unha gran cantidade de horas a clases e estudo, sen mermar o tempo de deporte e de interacción cos iguais.
5. A nivel de valores era evidente una moral ascética: había que esforzarse en converter en habito conductas y sentimentos positivos e desterrar conductas e sentimentos negativos.
6. Había un certo seguimento psicolóxico/moral (padre espiritual) para orientar e para evitar desviacións maiores.
7. Non so non se daba coeducación senón que as mensaxes ían dirixidas a evitar calquera tipo de aproximación excesiva a outro sexo.
8. As relacións informais eran case exclusivamente de tipo horizontal dentro do propio curso/clase.
9. A experiencia estaba de sobras contrastada: a que anos comezar (en torno aos dez), que e como ensinar, que problemas podían aparecer e como previlos.
10. Polo demais a ensinanza de aula era moi teórica, academicista, moi de manual de texto, tradicional, escolástica, máis orientada as letras e pouco utilitarista.

En conxunto vivíamos unha vida cómoda: Todo estaba organizado; non había grandes decisións que tomar, salvo a definitiva: seguir ou marchar.

Resultados académico/laborais máis visibles.

As posibles consecuencias desta experiencia educativa poden variar substancialmente en función do tempo de internado e na época histórica na que se viviu.

Nos comentarios que seguen, limitareime en principio aos xoves da miña xeración que permaneceron no centro seis ou máis anos, os únicos sobre os que maioritariamente coñezo a súa situación; en concreto ós 46 alumnos que pasamos ó seminario maior, despois de cinco anos internos, cunhas idades en torno a 16 anos.

Neste grupo, un total do 87.18% alcanzaron formación universitaria.

A Formación académica civil adicional alcanzada é considerable:

Licenciaturas:	15	(38.46%)
Diplomaturas:	12	(30.76%)
Enxeñerías técnicas:	2	(5.13%)
E.Eclesiásticos completos:	5	(12.82%)
Bachelorato superior:	5	

(A orientación a letras era debida as vantaxes comparativas de formación en relación cos non seminaristas.)

A integración laboral foi así mesmo moi positiva.

Deste grupo humano, non consta ningún caso de situación laboral precaria. Todos eles en relativamente pouco tempo accederon a traballos razoablemente seguros e razoablemente pagados.

Prima o funcionariado, o 69.23% son funcionarios, a maioría do sector educativo: o 48.71% do total.

Funcionarios de Educación

Universitaria:	3	(7.69%)
Media:	7	(17.95%)
Primaria:	9	(23.07%)
Funcionarios de outros ministerios:	8	(20.51%)
Ensinanza privada:	1	(2.56%)
Sector Bancario:	4	(10.26%)
Empresarios:	5	(12.82)%
Empregados de gran empresa:	1	(2.56%)
Actividades eclesíásticas:	2	

Estas taxas son especialmente chamativas tendo en conta que no contexto de procedencia maioritario, o rural, a promoción académica era practicamente nula; e os varóns que intentaban esta promoción vía academias autorizadas, institutos cercáns, os fracasos era practicamente total.

(A abundancia da profesión de mestres, era debido a que eran os únicos estudos existentes en Ourense, economicamente mais accesibles e mais próximos no ámbito cultural da poboación rural de orixe.)

Papel do seminario

¿Cal é o papel do seminario nestas evidentes taxas de éxito?

É difícil de determinar. Polo menos temos que facer mención a tres tipos de factores:

- mecanismos de selección e abandono,
- contexto sociolaboral dos titulados na época,
- as propias características da formación seminarista e posterior.

Mecanismos de selección

Non se pode considerar que os 110 ingresados en 1960, correspondentes a miña xeración eran unha mostra aleatoria da poboación ourensá: rural ou urbán. Había mecanismos de autoselección familiar que, ademais da disposición a abandonar a casa e internarse, pertencían a familias moi integradas que crían que os seus fillos podían funcionar academicamente, e non vían negativo o influxo dunha formación relixiosa nin unha meta potencial de sacerdocio.

A parte de esta autoselección inicial, naqueles momentos de candidatos sobrantes, había dúas seleccións académicas de entrada: en setembro i en decembro do ano de ingreso.

Posteriormente os abandonos sobre todo nos tres primeiros anos tiñan como causa mais común a inadaptación escolar ou nalgún caso comportamental as esixencias académicas ou de internado.

110	Primeiro	
73	Segundo	33.60%
73	Terceiro	00.00%
64	Cuarto	12.30%
51	Quinto	20.31%

A partir de cuarto, quinto é especialmente no maior, filosofía e teoloxía, os abandonos eran mais opcionais, buscando outros camiños ou imposto por discordancias serias en canto a dispoñibilidade final ou conveniencia do candidato.

Caída interanual

46.	Primeiro de Filosofía	(9.8%)
38.	Segundo	(17.39%)
31.	Terceiro	(18.42%)
20.	Primeiro de Teoloxía	(35.48%)
14.	Segundo de Teoloxía	(30%)
10.	Terceiro de Teoloxía	(28.6%)
7.	Cuarto de Teoloxía	(30%)
3.	Sacerdocio	(57.14%)

En calquera caso o grupo comentado, os 46 alumnos que pasamos ó maior xa estábamos academicamente moi seleccionados en función da aqueles factores cognitivos, motivacionais e de personalidade, que contribúen á subsistencia no medio escolar.

O contexto sociolaboral

Os niveis de funcionarización e integración laboral acorde a formación académica observados no noso curso so son posibles en entornos moito mais favorables ca os actuais.

En España se estaban dando grandes cambios socioeconómicos: industrialización, urbanización, terciarización da economía, maiores niveis de demanda de educación, incremento da administración do estado e dos servizos sociais, demanda

de titulados por parte de unha economías mais desenvolvidas. No ámbito educativo, ocupación maioritaria dos exseminaristas, coincidimos no tempo co boom demográfico, coa xeralización da segunda etapa de EXB e coa eclosión de centros de ensinanza secundaria e posteriormente universitaria.

Factores de educativos do seminario favorecedores do éxito académico e laboral

Persoalmente creo que ademais dos factores mencionados múltiples características da formación recibida facilitaron este éxito:

- Cantidade de horas de dedicación
- Estándares de esixencia por parte do profesorado
- Didáctica academicista sobre textos que acaba creando habilidades para interpretar textos e contestar acertadamente a exames.
- Educación da vontade e dunha moral autónoma
- Lugares de estudio adecuados
- Modelo positivos de iguais
- Animo de compañeiros
- Especie de efecto incubadora: Grupo humano con desvantaxes académicas de partida similares e que nun clima social protexido tiñan tempo de superar estas deficiencias antes de entrar en climas mais abertos e competitivos.
- Necesidade de ter que labrarse o propio futuro sen o escudo dos país.
- Escapada da perspectiva de fracaso que suporía ter que volver as condicións de partida

Entre outros,

Impacto na sociedade ourensá

En canto o último punto, impacto na sociedade ourensá. Tampouco este é fácil de determinar

No meu punto de vista, as vantaxes mais evidentes foron para os ex-seminarista especialmente para os do mundo rural e para as súas familias novas por esa potenciación interxeracional dos efectos da formación académica.

A experiencia do seminario para moitos de nós constitúe unha mostra clara das vantaxes da educación temperá para a promoción social (ou cambio de escenario social).

Como dicía gráficamente un amigo meu. Nós pasamos de correr ós 10 anos detrás das vacas polos campos a correr ós 20, só 10 anos despois, diante dos policías polos campus universitarios en compañía da pequena burguesía urbán e cuns horizontes laborais e relacionáis moito mais abertos.

Polo demais asumo neste aspecto as conclusións comunmente admitidas: O desenvolvemento económico, social e cultural dun pobo está íntimamente ligado o seu desenrolo educativo. O seminario promoveu o desenrolo académico, promoveu en consecuencia o desenrolo socioeconómico aínda que a súa cuantificación sexa difícil.

Independentemente destas consideracións eu creo que a doación maior do seminario a sociedade ourensá foron os dous ou tres mil xoves ordenados, que entregaron toda a súa vida xoven, adulta e maior a querer e buscar o ben dos seus semellantes.